

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

1490 *ORDE APA/62/2003, do 20 de xaneiro, pola que se regula o exercicio da actividade pesqueira coa arte de almadraba e a concesión das licencias. («BOE» 21, do 24-1-2003.)*

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, regula no seu título I a actividade pesqueira establecendo a necesidade de obter autorización para o exercicio da dita actividade, que só poderá exercerse con artes expresamente autorizadas.

Esta orde regula a pesca marítima coa arte de almadraba en augas exteriores baixo soberanía ou xurisdición española establecendo as características técnicas e as condicións de emprego destas artes, así como os requisitos e condicións determinantes do outorgamento da licenza de pesca, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 23 da citada Lei 3/2001 e no Regulamento (CE) 3690/93, do Consello, do 20 de decembro, polo que se establece un réxime comunitario que determina as normas relativas á información mínima que deberán conte-las licencias de pesca.

O calamento da arte de almadraba supón a ocupación do dominio público marítimo-terrestre, o que require a concesión administrativa para a dita ocupación con carácter previo á concesión da licenza para o exercicio da pesca marítima coa dita arte.

As recomendacións da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT) e a normativa da Unión Europea fan necesario establecer un control adecuado sobre as capturas da principal especie que é obxecto de pesca coa arte de almadraba, o atún vermello, «*Thynnus thynnus*», co obxecto de garanti-la súa conservación e a correcta xestión das cotas que anualmente asigna a España a Comisión, sen prexuízo do obrigado seguimento das capturas doutras especies autorizadas derivado de convenios, acordos ou tratados internacionais.

Na tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades afectadas do sector.

Esta orde dítase ó abeiro do disposto nos artigos 10 e 23 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, logo de aprobación do Ministerio de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto a regulación do exercicio da pesca coa arte de almadraba situada en augas exteriores baixo soberanía ou xurisdición española, así como o establecemento dos requisitos e condicións para o outorgamento da licenza de pesca con almadraba.

Artigo 2. *Definicións técnicas.*

Establécense as seguintes definicións técnicas, para efectos do disposto nesta disposición:

1. Almadraba: arte de trampa, de rede, fixa e calada ó fondo, empregada, principalmente, para a pesca de túnidos, constituída por un conxunto de redes, cables

e cabos que forman unha trampa que ó estar situada en zonas de paso dos cardumes, serve para conducirlos a un recinto sen saída, desde onde se extraen.

A estrutura dunha almadraba componse de elementos de ancoraxe que sosteñen o cadro, lexítimas, contralexítimas e rabeiras.

2. Cadro da almadraba: recinto pechado, de forma rectangular, que constitúe o corpo da almadraba e que se sitúa paralelo á costa.

3. Bucho: un dos compartimentos que forman parte do cadro, de forma rectangular, con redes verticais, onde permanecen os túnidos ata o seu paso ó copo.

4. Copo: compartimento pertencente ó cadro, de forma troncocónica, con rede horizontal que se iza do fondo á superficie permitindo a levantada das capturas.

5. Moxarcio da almadraba: cable do que colgan varios cabos, separa o buche do copo e constitúe o punto de intersección das liñas ou puntos que, desde terra, sinalan a situación da almadraba segundo as coordenadas establecidas, constituíndo o centro da almadraba e punto de arrinque para o calamento desta.

6. Lexítimas e contralexítimas: redes verticais que teñen como misión conduci-las capturas cara á boca da almadraba.

7. Rabeiras: redes verticais, que teñen como misión corta-lo rumbo dirixindo as capturas cara á boca.

8. Pesca de paso ou de dereito: é a pesca que se produce situando a arte de almadraba de xeito tal que permite intercepta-la migración xenética do atún vermello, desde o océano Atlántico ó mar Mediterráneo, bordeando as costas da Península Ibérica e do norte de África.

9. Pesca de revés ou de retorno: é a pesca que se produce situando a arte de almadraba de forma tal que permite intercepta-la migración trófica do atún vermello, realizada en sentido contrario ó da migración xenética.

Artigo 3. *Situación da almadraba.*

1. A almadraba considerárase situada na zona para a que foi autorizada cando o centro do moxarcio se atope no punto determinado polas coordenadas fixadas na licenza de pesca, admitíndose un erro máximo de 200 metros, sempre que con iso non se amplíe a distancia de separación da costa e non se sitúe por fóra da concesión de ocupación do dominio público.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, fixará a situación do centro do moxarcio, que deberá ser único para a pesca de paso e para a de retorno en almadrabas autorizadas para operar en ámbolos dous sentidos.

3. Por petición do titular da licenza poderán autorizarse cambios na situación da almadraba cando as condicións do fondeo, das correntes ou calquera outra circunstancia poidan afecta-la seguridade do calamento. Estes cambios de situación non poderán supor que a almadraba se sitúe fóra da concesión de ocupación do dominio público.

4. A almadraba balizarase de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, comunicarlle á Dirección Xeral de Mariña Mercante e ó Instituto Hidrográfico da Mariña as datas e coordenadas do calamento da almadraba unha vez concedida a licenza de pesca.

Artigo 4. *Condicións técnicas da almadraba.*

1. Ningunha das partes que compón unha arte de almadraba puede estar situada a unha distancia superior a seis millas da costa, contadas desde a liña de baixamar escorada.

2. Na licenza de pesca de almadraba fixarase a extensión de ámbalas dúas rabeiras. A rabeira de fóra poderá ter como máximo 2.000 metros de lonxitude.

3. Se o centro do moxarcio distase de terra máis de tres millas náuticas da liña de baixamar escorada, a rabeira de terra terá unha abertura horizontal de 50 metros por 4 de fondo. Nos extremos colocaranse boias con bandeiras vermellas para sinala-lo paso durante o día.

Se o centro do moxarcio distase menos de tres millas da liña de baixamar escorada, a rabeira de terra irá seguida ata a liña de preamar da costa.

4. A distancia entre os centros dos moxarcios de dúas almadrabas lindantes, concedidas ámbalas dúas para paso ou para retorno e para paso e retorno, será de cinco millas.

Artigo 5. *Condicións que teñen que cumprir outras artes de pesca.*

1. Durante a temporada de pesca coa arte de almadraba non se poderá calar nin exercer-la pesca, con outras artes e aparellos dedicados á captura destas especies obxectivo, a menos de dúas millas por diante ou dunha milla por detrás da almadraba no sentido da migración dos cardumes obxecto da pesquería.

2. Os buques de pesca darán un resguardo mínimo de media milla a calquera dos puntos da almadraba.

3. A capitanía marítima correspondente, no ámbito da súa competencia, fixará o resguardo que deban da-los buques e embarcacións que naveguen pola zona.

Artigo 6. *Licencias de pesca.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, outorgará as licencias de pesca para almadrabas.

2. A licenza de pesca ten carácter intransferible, constituíndo un documento inherente ó pesqueiro de almadraba. No suposto de transmisión da titularidade do pesqueiro de almadraba, o novo propietario deberallo comunicar ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para efectos do consentimento da subrogación no uso da licenza.

3. A vixencia da licenza será por unha campaña de pesca prorrogable de forma automática ata un máximo de dez anos, sempre que as condicións das especies obxectivo o permitan.

4. Na licenza de pesca deberá constar se a arte está autorizada para a pesca de paso, de retorno ou de ámbalas dúas, así como as especies autorizadas, entre as especificadas no anexo. Así mesmo, na dita licenza, o secretario xeral de Pesca Marítima poderá fixar cotas ou limitación de capturas de forma global para tódalas almadrabas ou individualizada para cada unha, así como aquelas condicións particulares dirixidas á mellora do recurso pesqueiro e á optimización da súa xestión e conservación.

Artigo 7. *Convocatoria do procedemento de concesión da licenza.*

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará, mediante orde, a convocatoria pública para o outorgamento das licencias, na que se fixarán os criterios de valoración determinantes da súa concesión, así como as condicións particulares destas.

Artigo 8. *Comisión de valoración.*

1. As solicitudes serán valoradas, de acordo cos criterios e baremos establecidos na orde de convocatoria, por unha comisión de valoración.

2. A comisión estará adscrita á Secretaría Xeral de Pesca Marítima e comporase de cinco membros, catro dos cales serán designados polo secretario xeral de Pesca Marítima e un polo subsecretario, entre funcionarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dos cales un actuará como secretario e outro como presidente da comisión.

En atención ás circunstancias de cada caso poderase solicita-la asistencia de funcionarios ou expertos naquelas materias relevantes para a adopción da decisión, que actuarán con voz pero sen voto.

3. A comisión elevará ó secretario xeral de Pesca Marítima a proposta de resolución motivada no prazo de dous meses e medio, a contar desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 9. *Concesión de ocupación de dominio público.*

A proposta da comisión de valoración será notificada ós titulares das solicitudes seleccionadas, que deberán solicita-la concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre para a instalación da almadraba, a obtención da cal lle deberá comunicar ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para efectos do outorgamento da licenza de pesca. Esta concesión tramitarase de conformidade co disposto na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e no Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da citada lei.

Artigo 10. *Resolución.*

De acordo coa proposta de resolución da comisión de valoración, o secretario xeral de Pesca Marítima emitirá resolución motivada no prazo máximo de dous meses desde a elevación da dita proposta.

De conformidade co disposto na disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, o vencemento do prazo máximo para resolver e notificar sen que se producise contestación, entenderase como silencio negativo.

Artigo 11. *Extinción da licenza.*

O incumprimento de calquera dos requisitos e obrigas establecidos nesta orde ou na licenza de pesca dará lugar á extinción da autorización.

Artigo 12. *Seguimento das capturas.*

1. Para efectos do cumprimento das obrigas derivadas para España dos convenios, acordos ou tratados internacionais sobre protección e conservación das especies principais e accesorias enumeradas no anexo e de non sobrepassa-las cotas destas capturas que son asignadas pola Unión Europea, os titulares das licencias de pesca deberán remitir mensualmente ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os seguintes datos:

Especies capturadas.

Número de exemplares capturados por especie e peso total.

2. Coa mesma finalidade, o secretario xeral de Pesca Marítima solicitará dos órganos competentes das comu-

nidades autónomas os ditos datos respecto das almadras situadas nas súas augas interiores.

3. O secretario xeral de Pesca Marítima poderá solicitar datos complementarios cando así o exixa o cumprimento das obrigas a que se refire o epígrafe primeiro.

Artigo 13. *Réxime sancionador.*

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Disposición adicional única. *Financiamento.*

1. A aplicación do disposto nesta orde non suporá incremento de gasto público.

2. O funcionamento da comisión de valoración a que se refire o artigo 8 desta disposición atenderase cos medios persoais e materiais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de xaneiro de 2003.

ARIAS CAÑETE

ANEXO

1. Especies principais que poden ser capturadas por unha almadra:

1. Xénero *Thunus*:

T. thynnus thynnus: atún vermello.

T. alalunga: atún albacora, bonito.

2. Outros túnidos:

Auxis thazard: zurdo liso.

Auxis rochei: zurdo común.

Euthynnus alletteratus: melva.

3. Sárdidos:

Sarda sarda: bonito do Atlántico.

Orcynopsis unicolor: bonito dente de can.

4. Outras especies:

Seriola durmerillii: peixe limón.

Argyrosomus regius: corvina real.

2. Especies accesorias que poden ser capturadas por unha almadra:

1. *Thunus albacares*: atún amarelo.

2. *Thunus obesus*: atún patudo.

3. *Xiphias gladius*: peixe espada.

3. Captura accidental:

1. No suposto de que accidentalmente resultase atrapado un réptil ou mamífero mariño na almadra, adoptaranse as medidas necesarias para a súa liberación de xeito inmediato.

2. Porase en coñecemento inmediato da Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros a captura accidental ou simple avistamento nas proximidades da almadra de especies protexidas de mamíferos, réptiles ou aves mariñas.

3. Procederase a ceibar no medio natural, e nas mellores condicións para a súa supervivencia, calquera especie que accidentalmente entre na almadra e a captura da cal non estea expresamente autorizada. Tera-se especial coidado en garanti-la supervivencia das especies protexidas por normativa específica.

MINISTERIO DE FACENDA

1585 *ORDE HAC/72/2003, do 22 de xaneiro, pola que se desenvolven os artigos 3 e 4 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige». («BOE» 22, do 25-1-2003.)*

O Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» («Boletín Oficial del Estado» do 23), aprobou un conxunto de medidas encamiñadas a paliar e reparar os efectos derivados do accidente sufrido polo buque «Prestige» o día 13 de novembro. Pola súa parte, o Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 14), modifica o real decreto lei anterior á vista da evolución dos danos ocasionados polas verteduras derivadas do accidente do buque «Prestige».

Entre as ditas medidas, os artigos 3 e 4 recollen unha redución das cargas fiscais para os contribuíntes que visen as súas actividades económicas directa ou indirectamente afectadas polo accidente ou polas medidas de prohibición de pesca e marisqueo.

En particular, o artigo 4, puntos 1 e 2, do Real decreto lei 7/2002, na súa redacción vixente, dada pola disposición adicional terceira do Real decreto lei 8/2002, prevé que o ministro de Facenda estableza mediante orde a redución dos signos, índices ou módulos do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, e os índices ou módulos do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido cando se trate de actividades económicas directa ou indirectamente afectadas.

Para facer efectiva a dita redución de cargas fiscais, este ministerio, logo do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dispuxo:

Primeiro.—As actividades económicas ás que se refire o artigo 3 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», son as clasificadas nos seguintes grupos e epígrafes da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro («Boletín Oficial del Estado» de 29 de setembro, 1 e 2 de outubro):

Grupo 162. «Fabricación de xeo para a venda».

Grupo 319. «Talleres mecánicos independentes».

Grupo 371. «Construcción naval».

Grupo 372. «Reparación e mantemento de buques».

Grupo 416. «Fabricación de conservas de peixe e outros produtos mariños».

Epígrafe 422.2 «Fariñas de peixe e subproductos animais, produtos derivados da reciclaxe e transformación de residuos alimenticios e outros preparados para a elaboración de pensos».

Grupo 434. «Industria das fibras duras e as súas mesturas».

Epígrafe 439.1 «Cordoería».

Grupo 464. «Fabricación de envases e embalaxes de madeira».

Epígrafe 473.2 «Fabricación doutros artigos de envase e embalaxe en papel e cartón».

Epígrafe 481.9 «Fabricación doutros artigos de caucho n.c.o.p.».